

PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓGICA [2026]

Incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como
iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT)

Orzamento
500.000 €

Prazo aberto das 9:00 h
do 17 de febreiro e ata
as 20:00 horas do 30 de
setembro de 2026



Entidades beneficiarias

Empresas privadas nas que a maioría da súa titularidade corresponda ás persoas físicas promotoras, ou persoas autónomas, que se constitúan e inician a actividade en Galicia nun prazo non superior a un ano desde a cualificación do proxecto como IEBT e que creen emprego estable para persoas desempregadas.



Intensidade dos incentivos

I. Á creación directa de emprego estable (incluídas as persoas promotoras)

Por cada posto de traballo indefinido creado con **persoas desempregadas** antes de transcorrer un ano desde o inicio da actividade (incluídas as propias persoas promotoras)

6.000 €*

Por cada posto de traballo indefinido con persoas desempregadas do colectivo de **mulleres, persoas mozas, persoas de 52 ou máis anos, desempregadas de longa duración, con discapacidade, emigrantes retornadas ou estranxeiras** ou en situación ou risco de exclusión

8.000 €*

Por cada posto de traballo indefinido para **persoas tituladas universitarias desempregadas**

10.000 €*

Por cada posto de traballo indefinido para **persoas desempregadas con título de doutoramento**

12.000 €*

* No caso de xornada parcial
será a cantidade proporcional.

+ 25 %
Acumulables

- Muller
- Concello rural
- Persoa maior 45
- Emigrante retornado/a
- Estranxeiro/a
- Persoa trans

- » Se a IEBT se constitúe como **cooperativa ou sociedade laboral** a axuda incrementarase nun **25 %**.
- » O cadro de persoal deberá estar constituído, no mes no que se realice a **1ª contratación por conta allea**, cun **mínimo dun 25 % de persoas tituladas universitarias**.
- » Para os postos de traballo subvencionados **deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica e a categoría profesional** pola que se contrata.
- » En caso de transformación de tempo parcial a tempo completo no primeiro ano, a empresa poderá solicitar **a diferenza entre o apoio recibido inicialmente e o que corresponda a tempo completo**.
- » **Serán subvencionables** os postos de traballo creados entre o **1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026 nun centro de traballo en Galicia** dentro do 1º ano de actividade da empresa.



PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA [2026]



Intensidade dos incentivos (continuación)

II. Ao inicio e posta en marcha da actividade

Axuda segundo o nº de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o 1º ano de actividade

1 posto de traballo

Ata **10.000 €**

2 postos de traballo

Ata **18.000 €**

3 ou máis postos de traballo

Ata **24.000 €**

Se a IEBT se constitúe como **cooperativa ou sociedade laboral** esta axuda **incrementarase nun 25 %**.

» A axuda destinarase a sufragar os gastos **realizados entre 1/10/2025 e 30/09/2026**, que se produzan **dentro do primeiro ano de actividade** e sexan efectivamente xustificadas, referidos a:

- Honorarios de notaría e rexistro.
- Arrendamento maquinaria e equipamento Informático.
- Mercadorías e materias primas.
- Publicidade**, páxina web e posicionamento.
- Arrendamento e seguro do local.
- Subministracións.

**** No caso dos gastos de publicidade subvencionados, garantírase a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes e, en concreto, a utilización non sexista da linguaxe e das imaxes.**

III. Á conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras

COMPATIBLES

- Subvención do custo do **servizo de gardaría ou de persoas coidadoras** para fillos ou fillas menores de 12 anos.
- Subvención do custo do centro ou do servizo de **coidado de maiores de 70 anos e/ou dependentes (graos I, II e III)** ou cun grao de **discapacidade igual ou superior ao 33 %**, con relación de parentesco e en convivencia no mesmo domicilio, como mínimo os tres meses antes da solicitude.

75 %

do custo

Máximo

3.000 €

» Para atender custos asumidos **entre o 1/10/2025 e 30/09/2026 e no primeiro ano de actividade**.

IV. Á función xerencial

» Para atender gastos realizados **entre 1/10/2025 e 30/09/2026**, xerados **dentro do primeiro ano de actividade** e efectivamente xustificadas para:

- **Formación da persoa promotora ou empresaria** co fin de obter ou mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.
- **Realización externa de análises, estudos, informes ou outro asesoramento** sobre a actividade que realiza a IEBT.

75 %

do custo

Máximo formación

5.000 €

Máximo modalidade

10.000 €

» Se a IEBT se constitúe como **cooperativa ou sociedade laboral** esta axuda **incrementarase nun 25 %**.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » Realizar a **actividade empresarial** que fundamente a subvención **durante un mínimo de 3 anos**.
- » Identificar de **forma separada** na documentación contable **os gastos subvencionados**.
- » No caso das axudas ao inicio e posta en marcha, á conciliación ou á función xerencial deberán **xustificarse mediante facturas e documentos bancarios do seu pagamento**.
- » **Manter á persoa contratada** no cadro de persoal, como mínimo, **3 anos**. No caso de cesamento da persoa traballadora, no prazo de 2 meses deberase cubrir a vacante.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Máis información



oficinadoautonomo.gal



012